

“O que fai o noso Tiago é inventar novos poemas do eterno humano, historias animadas que sendo súas, viven, non obstante, por si mesmas. Non é posible pensar fóra do tempo, porque a vida, fóra del, non é absolutamente nada. O poeta revélanos o verdadeiro significado das palabras, a súa esencia, é un auténtico “rescate ético” o que se nos ofrece, en oposición ao rescate financeiro que non trae máis ca ruína intelectual e afundimento moral. Vemos nos poemas o esqueleto do poder, a súa aparente fortaleza, que non é máis ca produto da nosa desidia e parálise. Estamos tan afeitos a deixarnos enganar polo PODER e polos pequenos poderes que nos adormecen, que cómpre ter moita coraxe e lucidez para facer algo tan sinxelo, aparentemente, como recuperar o valor e o sentido que as palabras teñen de seu (...) “

Trecho do prefácio de Manuel Eiroa.